

**MEMORIA ECONÓMICA DO  
EXERCICIO 2012  
UNIVERSIDADE DE VIGO**

---

## TÁBOA DE CONTIDO

---

<b>Presentación.....</b>	<b>3</b>
<b>I. Execución do Orzamento .....</b>	<b>4</b>
I.1 Créditos iniciais, Modificacións de crédito e Créditos finais.....	4
Orzamento de Ingresos.....	4
Orzamento de Gastos .....	5
I.2 Execución do orzamento.....	7
Grao de Execución do Orzamento de Ingresos .....	10
Grao de Execución do Orzamento de Gastos.....	11
Comparación dos Ingresos respecto do Ano anterior.....	14
Comparación dos Gastos respecto do Ano anterior .....	16
I.3 Operacións de exercicios pechados.....	19
I.4 Remanente de Tesourería.....	19
<b>II. Situación económico-patrimonial .....</b>	<b>21</b>
II.1 Resultado económico patrimonial e resultado orzamentario do exercicio .....	21
II.2 Balance de situación a 31-12-2012.....	22
<b>III. Situación de Tesourería.....</b>	<b>24</b>
<b>IV. Indicadores .....</b>	<b>25</b>
IV.1 Indicadores financeiros e patrimoniais.....	25
IV.2 Indicadores orzamentarios .....	26
<b>V. Da Contratación Administrativa .....</b>	<b>28</b>
<b>Anexo I. Resumos das contas anuais de entidades participadas .....</b>	<b>30</b>
AI.1 Cidade Universitaria, S.A. (CUSA) .....	30
AI.2 Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A. (CITEXVI) .....	32
AI.3 Fundación Universidade de Vigo (FUVI).....	34

## PRESENTACIÓN

---

Coa **Memoria Económica** a Universidade informa á comunidade universitaria e ao conxunto da sociedade do grao de cumprimento do seu orzamento, dos resultados económicos obtidos durante o exercicio 2012.

Este informe pretende dar unha visión resumida, co obxectivo de que sexa comprensible por persoas non técnicas na materia orzamentaria e contable. A información detallada empregada para a elaboración deste documento atópase na Secretaría Xeral, na Vicerreitoría de Economía e Planificación, na Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, na Vicerreitoría do Campus de Ourense e na Xerencia - Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería.

Na meta estratéxica 6ª do Plan Estratéxico 2008-2012 da Universidade de Vigo establécese que a universidade está “comprometida coa igualdade, cunha cultura organizativa vertebradora e con sistemas de xestión flexibles e eficaces”, e especificamente na súa Liña Estratéxica 6.5 establécese como obxectivo: “reforzar a xestión económica baseada nos compromisos orzamentarios aprobados polos órganos de goberno e nas normas de execución e control do gasto”. A elaboración deste documento enmárcase no obxectivo de “mellora da xestión económico-financeira” establecida no Plan Operativo de Xestión 2008-2012 no seu eixe de Modernización e Calidade. Para a consecución deste obxectivo dispónse como actuación o deseño e establecemento dun “sistema de rendición de contas que mellore o actual de cara ao seu aliñamento coas estratexias da Universidade e unha maior eficacia na súa execución”.

Ofrecendo unha información obxectiva, concisa, clara e nunha linguaxe comprensible da actuación económico-financeira da Universidade de Vigo, preténdese que o principio de transparencia na xestión sexa unha conducta real da institución, dirixido a garantir o esforzo colectivo nos obxectivos da institución e un comportamento legal, ético e responsable socialmente.

## I. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

### I. 1. CRÉDITOS INICIAIS, MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS E CRÉDITOS FINAIS

O orzamento da Universidade de Vigo recolle de partida as obrigas que, como máximo, pode recoñecer a Universidade, así como os dereitos que se prevén liquidar durante o correspondente exercicio, reflicte pois, o conxunto de gastos que se pretenden realizar durante o exercicio económico e o detalle de ingresos que se prevén obter para o seu financiamento.

#### 1.1.1. Orzamento de Ingresos

O orzamento inicial do exercicio 2012 foi aprobado por un importe de 162.969.745 €, un 2,94% menos que o do exercicio precedente. Na primeira columna do cadro 1 recóllense os créditos iniciais por capítulos aprobados no orzamento de 2012.

Cadro 1. Orzamento de ingresos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2012 (€)

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.854.000	1.076.669	16.930.669
IV. Transferencias e subvencións correntes	111.547.353	2.916.878	114.464.231
V. Ingresos patrimoniais	190.000	1.343	191.343
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>127.591.353</b>	<b>3.994.889</b>	<b>131.586.242</b>
VI.- Enaxenacion de inversións reais	0	0	0
VII.-Transferencias e subvencións capital	19.318.964	2.563.554	21.882.518
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>19.318.964</b>	<b>2.563.554</b>	<b>21.882.518</b>
<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>146.910.317</b>	<b>6.558.443</b>	<b>153.468.760</b>
VIII. Variación de activos financeiros	16.059.428	9.059.556	25.118.984
IX. Variación de pasivos financeiros	0	208.463	208.463
<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>16.059.428</b>	<b>9.268.019</b>	<b>25.327.447</b>
<b>TOTAL</b>	<b>162.969.745</b>	<b>15.826.462</b>	<b>178.796.207</b>

Tal e como se aprecia no cadro, ao longo do exercicio realizáronse modificacións orzamentarias que supuxeron un incremento de 15.826.462 € sobre o orzamento inicial. Na segunda columna do cadro detállanse por capítulos as modificacións orzamentarias realizadas. Na terceira columna se reflicten os créditos definitivos, resultado de engadir aos créditos iniciais as modificacións de crédito, e que supoñen unhas previsións definitivas de ingresos de 178.796.207€.

Esta última cifra supón un incremento dun 9,71% sobre a cifra inicialmente orzamentada. A partida máis importante dentro das modificacións é a referida á variación de activos financeiros, que inclúe entre outros a incorporación de remanentes procedentes do exercicio 2011. Os 9.060 m€ contemplados implican unha minoración, neste apartado, de 4,672 millóns de euros con respecto ao exercicio precedente. As variacións positivas acadadas nos artigos IV e VII, transferencias e subvencións correntes e de capital respectivamente, reflicten o éxito acadado nas convocatorias competitivas polos proxectos institucionais: Erasmus Mundus – Green It, ECORRAE, BIOCAPS, etc.

## 1.1.2. Orzamento de Gastos

O orzamento de gastos apróbase e liquídase formalmente en equilibrio, polo tanto o orzamento definitivo de gastos é idéntico ao de ingresos, acadando a cifra de 178.796.207€, un 1,98% menos que no exercicio precedente. No cadro 2 se recollen os créditos iniciais, as modificacións e os créditos definitivos.

**Cadro 2: Orzamento de gastos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2012 (€)**

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
I. Gastos de persoal	93.598.000	0	93.598.000
II. Gastos correntes en bens e servizos	24.997.707	3.983.015	28.980.722
III. Gastos financeiros	50.000	140.000	190.000
IV. Transferencias correntes	7.790.471	902.597	8.693.068
V. Fondo de continxencia	360.000	-360.000	0
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>126.796.178</b>	<b>4.665.611</b>	<b>131.461.789</b>
VI. Investimentos reais	33.581.567	10.857.992	44.439.559
VII. Transferencias capital	0	198.895	198.895
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>33.581.567</b>	<b>11.056.887</b>	<b>44.638.454</b>
<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>160.377.745</b>	<b>15.722.498</b>	<b>176.100.243</b>

VIII. Activos financeiros	50.000	0	50.000
IX. Pasivos financeiros	2.542.000	103.963	2.645.963
<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>2.592.000</b>	<b>103.963</b>	<b>2.695.963</b>
<b>TOTAL</b>	<b>162.969.745</b>	<b>15.826.462</b>	<b>178.796.207</b>

As modificacións de crédito realizadas poden agruparse en tres grandes bloques:

**a) Xeracións de crédito por ingresos.**

Estas modificacións son consecuencia da achega á universidade de maior importe de ingresos ca os orzamentados –inicialmente estimados-, ou ben de ingresos que non estaban orzamentados e que foron acadados para actuacións específicas. Entre estas xeracións podemos incluír o financiamento acadado para congresos ou outras actividades de investigación, cursos de formación, maior recadación por matrículas, etc.

O importe destas modificacións no exercicio 2012 foi de 6.766.906€ (por 1.388.059€ € no exercicio precedente). Como xa dixemos antes estes incrementos reflicten o éxito acadado nas convocatorias competitivas polos proxectos institucionais

**b) Incorporacións de remanentes.**

O importe das incorporacións de remanente de crédito acadou un total de 9.059.556€ (por 13.117.991€ no exercicio precedente), que é o resultado da incorporación de remanentes específicos (proxectos de investigación, departamentos, compromisos que non acadaron a fase O e ingresos específicos, etc.) e dos expedientes de ampliacións de crédito procedentes do remanente de libre disposición aprobadas polo Consello de Goberno.

Destacar ao igual que no exercicio anterior o importante recorte no importe das incorporacións de remanentes, produto dunha mellor especialización temporal dos créditos orzamentarios. Este proceder é unha necesidade prioritaria, ao ter que aplicar o modelo do Sistema Europeo de Contas no cómputo do déficit e na rendición de contas perante a Consellería de Facenda.

**c) Transferencias de crédito.**

Pola súa propia definición as transferencias de crédito son unha suma cero, xa que son traspasos de crédito dunha aplicación orzamentaria a outra, polo tanto o que supón un incremento de crédito na aplicación que recibe, implica unha diminución polo mesmo importe na que transfere. O importe das transferencias de crédito foi de 2.494.981€ (por 5.702.449€ no exercicio precedente).

A minoración do importe das transferencias é produto dunha mellor especialización cualitativa e cuantitativa dos créditos orzamentarios

No Cadro 3 amósase a evolución do orzamento inicial e definitivo da universidade e das modificacións orzamentarias no período 2008 a 2012.

**Cadro 3. Evolución do orzamento e as súas modificacións 2008-2012 (€)**

	2008	2009	2010	2011	2012
<b>Orzamento inicial</b>	<b>174.183.672</b>	<b>182.217.836</b>	<b>176.000.320</b>	<b>167.903.853</b>	<b>162.969.745</b>
<b>Modificacións orzamentarias</b>	<b>33.368.862</b>	<b>21.932.355</b>	<b>22.633.252</b>	<b>14.506.050</b>	<b>15.826.462</b>
<i>Xeracións de crédito</i>	<i>5.906.409</i>	<i>2.516.699</i>	<i>2.676.773</i>	<i>1.388.059</i>	<i>6.766.906</i>
<i>Incorporación de remanentes</i>	<i>28.272.453</i>	<i>19.415.656</i>	<i>19.956.478</i>	<i>13.117.991</i>	<i>9.059.556</i>
<i>Tranferencias de crédito</i>	<i>20.463.717</i>	<i>581.725</i>	<i>1.646.826</i>	<i>5.702.449</i>	<i>2.494.981</i>
<b>Orzamento definitivo</b>	<b>207.552.534</b>	<b>204.150.191</b>	<b>198.633.572</b>	<b>182.409.903</b>	<b>178.796.207</b>

Resaltar que neste exercicio consolídase o volume das modificacións orzamentarias, ao tempo que mellora a distribución interna das mesmas, ao continuar minorándose as accións máis perniciosas para a xestión económica da universidade dende o punto de vista da rendición de contas de acordo co sistema europeo de contas.

## I.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

O apartado anterior permitiu coñecer o orzamento definitivo da Universidade de Vigo, engadindo ás previsións iniciais as modificacións realizadas ao longo do exercicio. Neste apartado determinarase o grao de cumprimento do orzamento. Para isto cómpre cuantificar os dereitos e as obrigas recoñecidas así como o resultado orzamentario.

Os **dereitos recoñecidos** netos son os créditos existentes a favor da Universidade de Vigo, que poden estar xa recadados, ou ben recoñecidos e pendentes de cobro, segundo o principio de devengo utilizado na contabilidade do orzamento de ingresos. Como se observa no Cadro 5, os dereitos recoñecidos netos -sen remanentes de tesourería-, ascenderon en 2012 a 148.355.503€, destes se recadaron durante o ano 120.618.113€, o 81,30% (polo 89,42% do exercicio precedente), quedando pendentes de cobro a 31 de decembro de 2012 un importe de 27.737.390€ €.

Esta situación obedece á maior dificultade para realizar os dereitos. Case que toda a cantidade correspóndese coas achegas doutras administracións públicas pendentes de pago á Uvigo.

As **obrigas contraídas** netas son as contraídas pola Universidade de Vigo como consecuencia da realización de gastos correntes ou de capital e, como pode comprobarse no cadro 7, ascenderon en 2012 a 148.728.461€, estando pendente de pago a 30 de decembro 2.106.815,66€.

Esta situación obedece ás necesarias modificacións introducidas nos procesos de peche de exercicio orzamentario, coas que se tivo que atender aos novos requirimentos establecidos polo Real Decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.

Esta norma no seu artigo 6 de “Modificación da Lei orgánica 6/2011, de 21 de decembro, de Universidades”, no seu apartado 5.4. polo que “se modifica o apartado 5 do artigo 81, que queda redactado nos seguintes termos:

*5. As Universidades están obrigadas a rendir contas da súa actividade ante o órgano de fiscalización de contas da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das competencias do Tribunal de Contas.*

*O orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería universitaria todos os ingresos e pagos pendentes, según as súas respectivas contraccións.*

*As Universidades deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte.*

*No caso de liquidación do orzamento con remanente de tesourería negativo, o Consello Social deberá proceder na primeira sesión que celebre á redución de gastos do novo orzamento por contía igual ao déficit producido. A expresada redución só poderá revocarse por acordo do dito órgano, a proposta do Reitor, previo informe do interventor e autorización do órgano correspondente da Comunidade Autónoma, cando a dispoñibilidade orzamentaria e a situación da tesourería o permitisen.*

*As transferencias, con cargo ós orzamentos da Comunidade Autónoma, a favor, directa ou indirectamente, das Universidades requirirán a aprobación e posta en marcha da redución de gastos.*

*As Universidades remitirán copia da liquidación dos seus orzamentos e o resto de documentos que constituían as súas contas anuais á Comunidade Autónoma no prazo establecido polas normas aplicables da Comunidade Autónoma.*

*A falta de remisión da liquidación do orzamento, ou a falta de adopción de medidas en caso de liquidación con remanente negativo, facultará á Comunidade Autónoma para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para garantir a estabilidade orzamentaria da Universidade.*

A Universidade de Vigo deu cumprimento aos novos requirimentos nos prazos e nas formas establecidas, evitando as consecuencias perniciosas, que para a Institución, se poderían xeran no caso de non dar cumprimento ao establecido na nova redacción da norma.

Outro concepto importante é o **resultado orzamentario**, que se conceptúa como a diferenza entre a totalidade dos dereitos recoñecidos netos durante o exercicio e a totalidade das obrigas



recoñecidas netas do mesmo exercicio. No exercicio 2012 o resultado orzamentario acadou a cifra negativa de (-) **372.958€**.

Salientar o dato **positivo** acadado no **resultado das operacións non financeiras**, cun importe positivo de **2.060.315€** ( - 2.253.287€ no exercicio precedente), que son as que se toman en consideración para os efectos do **cálculo de déficit das administracións públicas segundo o sistema europeo de contas**.

Atendendo ao anterior podemos falar dunha importante mellora nos resultados económicos da universidade, dende o punto de vista do déficit público, consonte ao planificado inicialmente.

Se ao saldo orzamentario lle sumamos os créditos gastados con cargo a remanentes de tesourería e aos demais axustes relacionados coas desviacións positivas e negativas do financiamento, que acadan a cifra de 29.616.048€, obtense o **resultado orzamentario axustado do exercicio**, que no 2012 ascendeu á cantidade de **29.243.090€**.

Todos estes datos recóllense no cadro 4..

Cadro 4. Resultado orzamentario. Ano 2012 (€)

<b>Conceptos</b>	<b>Dereitos recoñecidos netos</b>	<b>Obrigas recoñecidas netas</b>	<b>Axustes</b>	<b>Resultado Orzamenta rio</b>
1. (+) Operacións non financeiras	148.107.821	146.047.506		2.060.315
2. (+) Operacións con activos financeiros	247.682	2.680.955		-2.433.273
<b>I. Resultado orzamentario do exercicio (1+2)</b>	<b>148.355.503</b>	<b>148.728.461</b>		<b>-372.958</b>
Axustes (créditos gastados con cargo a remanentes de tesourería non afectados e desviacións negativas e positivas de financiamento)			29.616.048	
<b>II. Resultado orzamentario axustado</b>				<b>29.243.090</b>

A imaxe final do exercicio é congruente coa planificación do orzamento 2012, na que unha vez confirmada o alcance e a profundidade da crise económica na que estamos inmersos, fixéronse importantes esforzos por manter as liñas clave da política universitaria definida polo equipo de goberno, ao tempo que se incidiu nos procesos de reequilibrio e de axuste dos gastos aos ingresos.

Para coñecer o grao de execución do orzamento de ingresos debemos comparar os dereitos recoñecidos cos créditos definitivos consignados no orzamento. De xeito análogo, para coñecer o grao de execución do orzamento de gastos, debemos comparar as obrigas recoñecidas cos créditos definitivos consignados no orzamento. Nos cadros 5 e 7 realízase esta comparación, figurando na última columna dos mesmos o grao de execución correspondente.

### **1.2.1. Grao de execución do Orzamento de Ingresos**

Os dereitos recoñecidos netos ascenderon a 148.355.503 €, que postos en relación co orzamento definitivo sen remanentes de tesourería incorporados que é de 153.677.223 €, dá un grao de execución do orzamento de ingresos dun 96,54%. Isto ven significar que se recoñeceron menos dereitos que os previstos no orzamento definitivo da universidade. Isto obedece á minoración dos ingresos á Uvigo efectuada pola Xunta de Galicia como consecuencia da eliminación da paga extra de decembro ou medida equivalente dos seus traballadores.

A continuación, e seguindo cos datos indicados no cadro 5, vese como foi o grao de execución polos distintos capítulos de ingresos.

Nas operacións correntes o grao de execución acadou o 96,29%. Pese ao comportamento positivo das taxas, prezos públicos e outros ingresos, e especialmente dos ingresos patrimoniais (ligado a unha mellora na xestión das puntas de tesorería), a porcentaxe é produto da minoración das transferencias correntes con orixe na Xunta de Galicia por mor da eliminación da paga extra de decembro.

Nas operacións de capital o grao de execución acadou o 97,83%, ligado ao descenso da dotación económica das convocatorias competitivas, relativas á investigación básica, do Estado e da Xunta de Galicia, pese ao maior éxito relativo dos grupos de investigación da universidade.

O grao de execución do orzamento de ingresos non financeiros da universidade foi dun 96,51%. Ao sumar as operacións financeiras, correspondentes ás variacións de activos e pasivos financeiros, acádase o grao de execución do 96,54% sen ter en conta os remanentes de tesourería.

Estes datos confirman a rigorosidade e prudencia empregada na confección da estimación de ingresos para o exercicio.

**Cadro 5. Dereitos recoñecidos do orzamento de ingresos da Universidade de Vigo. Ano 2012 (€)**

Capítulos	Créditos definitivos	Dereitos recoñecidos	Grao de Execución
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	16.930.669	17.012.417	100,48%
IV. Transferencias e subvencións correntes	114.464.231	108.933.343	95,17%
V. Ingresos patrimoniais	191.343	753.352	393,72%
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>131.586.242</b>	<b>126.699.113</b>	<b>96,29%</b>
VI.- Enaxenación de inversións reais	0	206.352	
VII.-Transferencias e subvencións capital	21.882.518	21.202.356	96,89%
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>21.882.518</b>	<b>21.408.708</b>	<b>97,83%</b>
<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>153.468.760</b>	<b>148.107.821</b>	<b>96,51%</b>
VIII. Variación de activos financeiros (sen remanentes de tesourería)	0	39.219	--
IX. Variación de pasivos financeiros	208.463	208.463	--
<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>208.463</b>	<b>247.682</b>	<b>--</b>
<b>TOTAL (sen remanentes de tesourería)</b>	<b>153.677.223</b>	<b>148.355.503</b>	<b>96,54%</b>
VIII. Variación de activos financeiros (só remanentes de tesourería)	25.118.984	--	--
<b>TOTAL</b>	<b>178.796.207</b>	<b>--</b>	<b>--</b>

Na lectura da información contida no cadro 6 “Evolución do grao de execución do orzamento de ingresos 2008-2012” apréciase que no ano 2012 a Universidade, pese as situacións descritas con anterioridade e descontado o efecto das mesmas, mantén unha liña de estabilidade e de mellora relativa nos seus ingresos, garantindo a súa viabilidade futura.

**Cadro 6. Evolución do grao de execución do orzamento de ingresos 2008-2012 (€)**

	2008	2009	2010	2011	2012
Dereitos recoñecidos (A)	168.846.902	176.923.253	157.969.204	155.204.322	148.355.503
Orzamento definitivo (B)	207.552.534	204.150.190	198.633.572	182.409.903	178.796.207
<b>% de execución</b>	<b>81,35%</b>	<b>86,66%</b>	<b>79,53%</b>	<b>85,09%</b>	<b>82,97%</b>
Orzamento definitivo (excepto remanentes) (B)	166.894.747	165.760.600	157.053.508	153.406.816	153.677.223
<b>% de execución</b>	<b>101,20%</b>	<b>106,73%</b>	<b>100,58%</b>	<b>101,17%</b>	<b>96,54%</b>

## 1.2.2. Grao de execución do Orzamento de Gastos

No que se refire ao grao de execución do orzamento de gastos, este acadou un valor medio do 83,18%, na liña dos exercicios precedentes.

Se facemos a comparanza por capítulos, a maior porcentaxe de execución segue a corresponderlle ao Capítulo I, “Gastos de persoal”, cun 94,94% pese ao non abono da paga extra de decembro ou medida equivalente aos empregados da Universidade, coa salvedade dos Capítulos VII “Transferencias de capital” e IX “Pasivos financeiros” de menor relevancia económica. Pola contra o capítulo con menor porcentaxe de execución é o Capítulo VI “Investimentos reais” que acadara o 60,99% (acadara un 56,84% no exercicio 2011).

O resultado é produto dunha mellora na técnica orzamentaria que fai que se camiñe na liña de axustar a realidade á previsión, coa salvedade do capítulo VI “Investimentos Reais”, por dous motivos: por unha banda, o modelo de xestión dos gastos asociados aos proxectos de investigación, que esixen, para a súa execución, un período de tempo superior ao exercicio orzamentario no que se acadara o financiamento; por outra banda, o proceso de xeración de nova infraestrutura e equipamento científico asociado a financiamento alleo, que provoca o traslado de parte do gasto comprometido a exercicios posteriores a través dos remanentes de crédito.

**Cadro 7. Obrigas contraídas do orzamento de gastos da UVigo. Ano 2012 (€)**

Capítulos	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Grao de Execución
I. Gastos de persoal	93.598.000	88.864.951	94,94%
II. Gastos correntes en bens e servizos	28.980.722	22.636.099	78,11%
III. Gastos financeiros	190.000	164.846	86,76%
IV. Transferencias correntes	8.693.068	7.077.014	81,41%
V. Fondo de continxencia	0	0	
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>131.461.789</b>	<b>118.742.910</b>	<b>90,33%</b>
VI. Investimentos reais	44.439.559	27.105.701	60,99%
VII. Transferencias de capital	198.895	198.895	100,00%
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>44.638.454</b>	<b>27.304.596</b>	<b>61,17%</b>
<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>176.100.243</b>	<b>146.047.506</b>	<b>82,93%</b>

VIII. Activos financeiros	50.000	34.992	69,98%
IX. Pasivos financeiros	2.645.963	2.645.963	100,00%
<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>2.695.963</b>	<b>2.680.955</b>	<b>99,44%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>178.796.207</b>	<b>148.728.461</b>	<b>83,18%</b>

Dada a posibilidade, establecida nas Normas de Execución do orzamento, de incorporar os créditos que se atopan en fase D de compromiso de gasto (con este documento vincúlase á Universidade a realizar un gasto concreto e de contía determinada), convén observar o grao de execución do orzamento tendo en conta se o crédito quedou comprometido (cadro 8).

O gasto comprometido ascendeu a 155.094.158€, o que supón o 86,74% do orzamento definitivo (86,84% no exercicio anterior).

**Cadro 8. Créditos dispostos do orzamento de gastos da UVigo. Ano 2012 (€)**

Capítulos	Créditos definitivos	Créditos dispostos	Grao de Execución
I. Gastos de persoal	93.598.000	88.864.951	94,94%
II. Gastos correntes en bens e servizos	28.980.722	23.765.418	82,00%
III. Gastos financeiros	190.000	164.846	86,76%
IV. Transferencias correntes	8.693.068	7.877.379	90,62%
V. Fondo de continxencia	0	0	#¡DIV/0!
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>131.461.789</b>	<b>120.672.593</b>	<b>91,79%</b>
VI. Investimentos reais	44.439.559	31.541.715	70,98%
VII. Transferencias de capital	198.895	198.895	100,00%
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>44.638.454</b>	<b>31.740.610</b>	<b>71,11%</b>

<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>176.100.243</b>	<b>152.413.203</b>	<b>86,55%</b>
VIII. Activos financeiros	50.000	34.992	69,98%
IX. Pasivos financeiros	2.645.963	2.645.963	100,00%
<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>2.695.963</b>	<b>2.680.955</b>	<b>99,44%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>178.796.207</b>	<b>155.094.158</b>	<b>86,74%</b>

No cadro 9 pode observarse a evolución do nivel de execución do orzamento de gastos desde o ano 2008. Tanto se atendemos á fase de obriga, como á de compromiso, verificase que se consolida a tendencia dos últimos exercicios de mellora no grao de execución, coas salvedades comentadas con anterioridade, que de non existir implicarían unha salientable elevación na porcentaxe de execución tanto na fase de compromiso, coma na fase de obriga.

Cadro 9. Evolución do grao de execución do orzamento de gastos 2008-2012 (€)

	<b>2008</b>	<b>2009</b>	<b>2010</b>	<b>2011</b>	<b>2012</b>
A.Obrigas recoñecidas	171.232.864	167.239.407	169.781.026	154.660.658	148.728.461
B. Orzamento definitivo	207.552.534	204.150.190	198.633.572	182.409.903	178.796.207
<b>% de execución (A/B)</b>	<b>82,50%</b>	<b>81,92%</b>	<b>85,47%</b>	<b>84,79%</b>	<b>83,18%</b>
C. Créditos comprometidos	183.027.439	176.831.603	175.349.664	158.398.204	155.094.158
<b>% de execución (C/B)</b>	<b>88,18%</b>	<b>86,62%</b>	<b>88,28%</b>	<b>86,84%</b>	<b>86,74%</b>

### 1.2.3. Comparativa dos ingresos respecto ao ano anterior

Os ingresos da universidade teñen un decrecemento dun (-) 4,41%, pero non tódalas partidas compórtanse igual, tal e como pode verse no cadro 10. Así, apréciase un forte crecemento nas “Transferencias e subvencións correntes”, pese á minoración da subvención da Xunta de Galicia polo non abono da paga extra de decembro ou medida equivalente aos traballadores de Uvigo, que contrasta coa caída nas “Transferencias e subvencións de capital”. Isto obedece á nova estrutura de financiamento da universidade marcada polo Plano de Financiamento do Sistema Universitario Galego, que implica un incremento dos ingresos correntes e unha caída dos ingresos de capital con orixe na Comunidade Autónoma.

É de salientar que se recupera o crecemento nas “Taxas, prezos públicos e outros ingresos”, unha vez consolidado o novo criterio de imputación e periodificación establecido no exercicio 2011 e que implicara unha caída nos ingresos neste artigo nesa anualidade.

O crecemento no referido aos ingresos patrimoniais obedece principalmente a unha mellor xestión das puntas de tesorería.

O decrecemento nos ingresos no artigo IX “Variación de pasivos financeiros” obedece á non concorrencia da Universidade aos procesos de captación de fondos baseados no empréstimo, cunha dobre motivación: garantir a viabilidade futura de Universidade e a necesidade de acadar autorización da Xunta de Galicia, que nestes intres non se consegue, ao consolidar a xestión económica das Universidade co da Comunidade Autónoma e limitar a capacidade de endebedamento desta.

**Cadro 10. Comparativo dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2012 e 2011 (€)**

Capítulos	2012	2011	% de variación
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	17.012.417	16.293.611	4,41%
IV. Transferencias e subvencións correntes	108.933.343	105.122.744	3,62%
V. Ingresos patrimoniais	753.352	431.450	74,61%
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>126.699.113</b>	<b>121.847.805</b>	<b>3,98%</b>
VI.- Enaxenación de inversións reais	206.352	0	-
VII.-Transferencias e subvencións capital	21.202.356	27.865.761	-23,91%
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>21.408.708</b>	<b>27.865.761</b>	<b>-23,17%</b>
<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>148.107.821</b>	<b>149.713.566</b>	<b>-1,07%</b>
VIII. Variación de activos financeiros	39.219	41.268	-4,96%
IX. Variación de pasivos financeiros	208.463	5.449.487	-96,17%
<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>247.682</b>	<b>5.490.755</b>	<b>-95,49%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>148.355.503</b>	<b>155.204.321</b>	<b>-4,41%</b>

No cadro 11 pode observarse a evolución dos ingresos globais da universidade dende o ano 2008. Apréciase que no ano 2012 a Universidade, pese as situacións descritas con anterioridade e descontado o efecto das mesmas, mantén unha liña de estabilidade e contención do gasto que, xunto co equilibrio cos ingresos, garante a súa viabilidade futura.

**Cadro 11. Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2008 a 2012 (€)**

	2008	2009	2010	2011	2012
Ingresos (dereitos recoñecidos)	168.846.901	176.923.253	157.969.205	155.204.321	148.355.503
<b>% variación anual</b>	<b>10,79%</b>	<b>4,78%</b>	<b>-10,71%</b>	<b>-1,75%</b>	<b>-4,41%</b>

## 1.2.4. Comparativa dos gastos respecto ao ano anterior

Polo que respecta ao gasto, as obrigas contraídas acadaron o valor de 148.728.461€, cunha caída próxima aos 5,9 M€ respecto do 2011, o que supón, en termos porcentuais, unha variación negativa da orde do (-) 3,84%. Nunha análise máis detallada da información contida no cadro 12 cabe resaltar:

- Ao igual que no exercicio 2011, os gastos de persoal no 2012 minóranse con respecto ao exercicio precedente. A causa principal é a minoración salarial dos traballadores do sector público que implicou a perda da paga extra de decembro ou medida equivalente, establecida polo Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo (BOE nº 168 de 14/7/2012) de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

- Nos gastos asociados as demais operacións correntes as cifras reflicten o importante esforzo de contención de gastos e de mellora da eficiencia no emprego dos importes dispoñibles consonte a planificación establecida no documento orzamentario.

Cadro 12. Comparativo dos gastos (obrigas contraídas). Anos 2012 e 2011 (€)

Capítulos	2012	2011	% de variación
I. Gastos de persoal	88.864.951	93.413.284	-4,87%
II. Gastos correntes en bens e servizos	22.636.099	23.506.786	-3,70%
III. Gastos financeiros	164.846	210.192	-21,57%
IV. Transferencias correntes	7.077.014	7.342.050	-3,61%
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>118.742.910</b>	<b>124.472.312</b>	<b>-4,60%</b>
VI. Investimentos reais	27.105.701	27.100.994	0,02%
VII. Transferencias de capital	198.895	393.172	--
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>27.304.596</b>	<b>27.494.166</b>	<b>-0,69%</b>
<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>146.047.506</b>	<b>151.966.478</b>	<b>-3,89%</b>
VIII. Activos financeiros	34.992	44.793	-21,88%
IX. Pasivos financeiros	2.645.963	2.649.387	-0,13%
<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>2.680.955</b>	<b>2.694.180</b>	<b>-0,49%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>148.728.461</b>	<b>154.660.658</b>	<b>-3,84%</b>

No cadro 13 pode observarse a evolución dos gastos globais da universidade dende o 2008. No 2012 e consonte se planificou no documento orzamentario, e ao marxe da normativa de ámbito estatal e os seus efectos sobre o gasto en RR.HH., continuouse co axuste na eficiencia da xestión do gasto e o axeitamento do nivel de gastos ao nivel de ingresos, sendo consecuencia desta decisión a lixeira



diminución das obrigas con respecto ao exercicio precedente. O cadro é a evidencia (ao marxe doutras decisións de ámbito estatal en relación ao gasto e que non responden ao programa do Equipo de Goberno da Uvigo), que na execución do gasto no exercicio a universidade adaptouse con rigor ao planificado inicialmente.

**Cadro 13. Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2008 a 2012 (€)**

	2008	2009	2010	2011	2012
Gastos (obrigas recoñecidas)	171.232.864	167.239.407	169.781.026	154.660.658	148.728.461
<b>% variación anual</b>	<b>17,72%</b>	<b>-2,33%</b>	<b>1,52%</b>	<b>-8,91%</b>	<b>-3,84%</b>

Se realizamos unha análise polo miúdo, e polo que respecta á partida máis importante en termos de volume, os **gastos de persoal**, o seu importe acadou no 2012 os 88.864.951€, o que supón que ao igual que en 2011 dase un decremento na partida, o cal acada o valor de 4.548.333 € en termos absolutos e dun (-) 4,87% porcentual verbo do ano 2011 (ver cadro 14).

**Cadro 14. Gasto de persoal (obrigas contraídas). Anos 2012 e 2011 (€)**

Denominación	2012	Importe da variación s/ 2011	% de variación s/ 2011	2011
Altos cargos e persoal eventual	369.746	-31.071	-7,75%	400.817
Funcionarios	50.645.790	-1.512.692	-2,90%	52.158.482
Laborais	9.388.182	-766.630	-7,55%	10.154.812
Outro Persoal	15.855.148	-2.011.985	-11,26%	17.867.133
Incentivos ao rendemento	737.379	11.658	1,61%	725.721
Gastos Sociais	11.868.707	-237.612	-1,96%	12.106.319
<b>TOTAL</b>	<b>88.864.951</b>	<b>-4.548.333</b>	<b>-4,87%</b>	<b>93.413.284</b>

A orixe principal desta situación está na minoración salarial dos traballadores do sector público como consecuencia establecida polo Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo (BOE nº 168 de 14/7/2012) de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

No referido ao **gasto en bens e servizos correntes** o importe é de 22.636.099€, cun decrecemento de 870.687€ respecto ao 2011 e unha variación porcentual negativa dun (-) 3,70%. Como se pode ver no cadro 15. Os maiores decrecementos en termos absolutos danse na partida de material, subministracións e outros.

Estes datos son consecucia do plan de aforro e eficiencia na xestión do gasto que se está a desenvolver pola universidade cara o reequilibrio das súas contas.

**Cadro 15. Gasto en bens e servizos correntes (obrigas contraídas). Anos 2012 e 2011 (€)**

Denominación	2012	Importe da variación s/ 2011	% de variación s/ 2011	2011
Arrendamentos	320.657	100.418	45,60%	220.239
Reparacións e conservación	2.589.554	-63.968	-2,41%	2.653.522
Material, subministracións e outros	18.828.831	-374.948	-1,95%	19.203.779
Indemnizacións por razón de servizo	713.838	-177.074	-19,88%	890.912
Publicacións	37.377	-26.913	-41,86%	64.290
Plan de Calidade Docente	145.842	-328.202	-69,23%	474.044
<b>TOTAL</b>	<b>22.636.099</b>	<b>-870.687</b>	<b>-3,70%</b>	<b>23.506.786</b>

Os **gastos financeiros** ascenderon a 164.846€ e corresponden principalmente a xuros de demora e outros gastos financeiros, e seguen a ter un baixo importe no orzamento de gastos, continuando co axuste iniciado no exercicio 2010.

O **gasto en transferencias correntes** acadou un importe de 7.077.014€, cun decrecemento de 265.036€ verbo ao 2011 e unha variación porcentual dun (-) 3,61% (ver cadro 16).

Dada a situación económica desfavorable da contorna, segue a manterse a liña de traballo e o compromiso establecido pola Universidade en exercicios precedentes, cunha clara aposta pola internacionalización e polo programa de bolsas e axudas, se ben no primeiro caso afectado pola minoración das partidas estatais destinadas a este fin.

**Cadro 16. Gasto en transferencias correntes. Anos 2012 e 2011 (€)**

Denominación	2012	Importe da variación s/ 2011	% de variación s/ 2011	2011
Transferencias a entidades públicas	1.413.553	-320.135	-18,47%	1.733.688
Transferencias a familias e institucións sen ánimo de lucro (bolsas e subvencións)	3.580.939	281.681	8,54%	3.299.258
Transferencias ao exterior (intercambios ERASMUS, LIG, etc)	2.082.522	-226.582	-9,81%	2.309.104
<b>TOTAL</b>	<b>7.077.014</b>	<b>-265.036</b>	<b>-3,61%</b>	<b>7.342.050</b>

O **gasto en investimentos** no 2012 chega aos 27.105.701 €, cun crecemento dun 0,02% respecto ao 2011 (ver cadro 17).

No que se refire aos investimentos asociados ao funcionamento dos servizos, prodúcese unha recuperación do gasto entre o 2012 e o 2011, dun 17,28% porcentual e dun neto de 1.508.769€. Esta

situación é consecuencia da planificación establecida no documento orzamentario no referido aos gastos ordinarios e ao grao de cumprimento dos prazos de construción e dotación de nova infraestrutura de investigación soportada con fondos finalistas.

O comportamento dos gastos en investimentos de carácter inmaterial mantén a liña de caída do exercicio precedente. O gasto acadou os 16.863.161€, o que implica un decrecemento moderado dun (-) 8,19% respecto ao 2011 (-1.504.062€). Os motivos radican basicamente na baixada das axudas a investigación da Xunta de Galicia e do Estado, non compensada polos incrementos acadados polos grupos de investigación da universidade nas convocatorias europeas.

**Cadro 17. Gasto en investimentos (obrigas recoñecidas). Anos 2012 e 2011 (€)**

<b>Denominación</b>	<b>2012</b>	<b>Importe da variación s/ 2011</b>	<b>% de variación s/ 2011</b>	<b>2011</b>
Investimentos asociados ao funcionamento dos servizos	10.242.540	1.508.769	17,28%	8.733.771
Gasto en investimentos de carácter inmaterial	16.863.161	-1.504.062	-8,19%	18.367.223
<b>TOTAL</b>	<b>27.105.701</b>	<b>4.707</b>	<b>0,02%</b>	<b>27.100.994</b>

### I.3. OPERACIÓNS DE EXERCICIOS PECHADOS

No exercicio 2011 leváronse a cabo operacións que correspondían ao exercicio 2010, tanto de cobro ou anulación de dereitos como de pago de obrigas.

Os dereitos de cobro ao inicio do exercicio ascendían a 18.130.479€. Durante o exercicio eses dereitos incrementáronse en 3.678.655€. Ao longo do exercicio recadáronse 19.583.402 €, e quedaron pendentes por cobrar 2.225.731 €.

As obrigas pendentes de pago ao inicio do exercicio 2012 ascendían a 11.206€. Todas elas foron pagadas ao longo do exercicio 2012.

### I.4. REMANENTE DE TESOURERÍA

O remanente de tesourería é unha magnitude financeira que reflicte o exceso ou o déficit de financiamento a curto prazo nunha data determinada, neste caso ao remate do exercicio económico.

No Cadro 18 preséntase o cálculo do remanente a 31 de decembro de 2012. Obtense como resultado da diferenza entre os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago, sexan do exercicio corrente ou de exercicios pechados, e sumando a este resultado a tesourería existente a 31 de decembro.

**Cadro 18. Remanente de tesourería da Uvigo a 31 de decembro de 2012 (€).**

Conceptos	2012	2011
<b>1. (+) Fondos líquidos</b>	<b>23.605.951,93</b>	<b>28.180.165,24</b>
<b>2. (+) Dereitos pendentes de cobro</b>	<b>42.669.921,16</b>	<b>28.970.554,07</b>
- (+) do orzamento corrente	27.737.389,97	16.418.911,31
- (+) de orzamentos pechados	2.225.731,05	1.711.567,33
- (+) de operacións non orzamentarias	12.706.800,14	10.840.075,43
- (+) de operacións comerciais	0,00	0,00
<b>3. (-) Obrigacións pendentes de pagamento</b>	<b>6.067.610,25</b>	<b>3.500.309,18</b>
(-) (+) do orzamento corrente	2.106.815,66	11.205,80
(-) (+) de orzamentos pechados	0,00	0,00
(-) (+) de operacións non orzamentarias	3.465.338,19	2.614.551,57
(-) (+) de operacións comerciais	0,00	0,00
(-) (+) obrigacións pendentes de aplicar ó orzamento	495.456,40	874.551,81
<b>4. (+) Partidas Pendientes de Aplicación</b>	<b>-1.000.916,98</b>	<b>-4.000,34</b>
<b>TOTAL REMANENTE TESOURERÍA (1+2-3+4)</b>	<b>59.207.345,86</b>	<b>53.646.409,79</b>
I. Saldos de dubidoso cobro	1.971.899,14	1.808.175,18
II. Remanentes de Tesourería no dispoñible	44.604.583,43	38.666.135,32
II. Remanentes de Tesourería dispoñible	12.630.863,29	13.172.099,29
<b>III. Remanentes de Tesourería total = (I+II+III)</b>	<b>59.207.345,86</b>	<b>53.646.409,79</b>

O resultado é un remanente de tesourería por importe de 59.207.346€, dos que 44.604.583€ forman parte do remanente de tesourería non dispoñible. Este remanente unicamente poderá empregarse para dar cobertura aos gastos para os que se atopan afectados. Os 12.630.863€ restantes, agás os saldos de dubidoso cobro, conforman o remanente dispoñible.

As normas de execución do orzamento 2012 establecen que se considera remanente comprometido o importe dos créditos en fase “D”, os créditos financiados con contribucións específicas – sempre que a actividade se manteña no exercicio seguinte-, os créditos dispoñibles de contratos programas e outras excepcións previa xustificación e posterior autorización do Reitor.

## II. SITUACIÓN ECONÓMICO-PATRIMONIAL DO EXERCICIO

### II.1. RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL DO EXERCICIO

A conta de resultado económico patrimonial é un estado económico-financieiro onde se amosa o resultado da actividade económica da universidade. Este resultado pode ser positivo se os ingresos superan aos gastos ou negativo se ocorre o contrario. A presentación dos ingresos e gastos neste estado depende de como se presentan no orzamento. Na contabilidade financeira existen operacións como as provisións que non se rexistran na contabilidade orzamentaria; ademais, hai que aplicar o principio de correlación de ingresos e gastos, o que leva a facer axustes temporais nos fluxos de ingresos e gastos.

A Conta de Resultados da Universidade de Vigo a 31 de decembro de 2012, que xa se pode comparar coa do exercicio precedente, está formada polas partidas que se recollen no cadro 19, a cales amosan un resultado positivo de 2.220.621,54€, o cal mellora salientablemente o resultado do exercicio precedente, onde se acadara un resultado negativo de 11.537.588€. Os datos amosan a boa saúde financeira da universidade.

Cadro 19. Conta do Resultado Económico Patrimonial da UVigo 2012-2011 (€)

DESCRICIÓN	Exercicio 2012	Exercicio 2011
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais	8.767,70	7.291,90
2. Transferencias e subvencións recibidas	126.697.790,58	132.988.505,50
3. Ventas netas e prestación de servizos	23.051.629,02	20.144.357,57
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	4.208.315,61	299.558,85
<b>A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA</b>	<b>153.966.502,91</b>	<b>153.439.713,82</b>
8. Gastos de persoal	94.819.045,98	98.951.642,57
9. Transferencias e subvencións concedidas	7.270.089,19	7.737.625,57
11. Outros gastos de xestión ordinaria	41.347.980,84	47.403.134,01
12. Amortizacións de inmovilizado	9.464.633,07	12.145.057,17
<b>B) TOTAL GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA</b>	<b>152.901.749,08</b>	<b>166.237.459,32</b>
<b>I. Resultado da xestión ordinaria (A-B)</b>	<b>1.064.753,83</b>	<b>-12.797.745,50</b>
13. Deterioro do valor e resultados pola enaxenación do inmovilizado non financeiro e activos	111.809,33	-54.598,67
14. Outras partidas non ordinarias	721.363,74	1.333.771,24
<b>II. Resultado das operacións non financeiras (I-13+14)</b>	<b>1.897.926,90</b>	<b>-11.518.572,93</b>
15. Ingresos financeiros	715.727,29	436.927,75
16. Gastos financeiros	-164.846,23	-210.192,19

20. Deterioro do valor, baixas e enaxenacións de activos e pasivos financeiros	-228.186,42	-245.750,61
<b>III. Resultado das operacións financeiras (15-16-20)</b>	<b>322.694,64</b>	<b>-19.015,05</b>
<b>IV. Resultado Neto do Exercicio (II+III)</b>	<b>2.220.621,54</b>	<b>-11.537.587,98</b>

## II.2. BALANCE DE SITUACIÓN

O Balance é un estado económico-financieiro onde se amosa a situación patrimonial da universidade a 31 de decembro de 2012. Comprende, coa debida separación, o activo, o pasivo e o patrimonio neto da universidade.

A efectos de activos diferénciase entre activo corrente, que é cando os dereitos se poden facer líquidos nun prazo de 12 meses a partires do 31 de decembro ao que se suma a tesourería, e activo non corrente, que comprende os dereitos que non estaban comprendidos no caso anterior.

A efectos de pasivos tamén se diferencia entre pasivo corrente, que é aquel que debe liquidarse dentro dun período de 12 meses a partires do 31 de decembro, e o pasivo non corrente, que comprende as obrigas non comprendidas no caso anterior.

Neste exercicio podense comparar as cifras coas do exercicio anterior. Os datos, como no caso anterior amosan a solidez da posición da Universidade.

Cadro 20. Balance de Situación da UVigo 2012-2011 (€)

DESCRICIÓN	Exercicio 2012	Exercicio 2011
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>218.743.172,47</b>	<b>225.785.957,68</b>
I. Inmobilizado intanxible	777.993,49	937.861,23
II. Inmobilizado material	212.117.448,19	218.544.346,81
IV. Inversións financeiras a longo prazo en entidades do grupo	5.847.730,79	5.912.193,25
V. Inversións financeiras a longo prarzo	0,00	391.556,39
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>67.645.644,67</b>	<b>59.008.642,47</b>
III. Deudores e outras contas a cobrar	43.339.227,75	29.810.517,62
V. Inversións financeiras a curto prazo	700.464,99	1.537.664,85
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	23.605.951,93	27.660.460,00
<b>TOTAL ACTIVO (A+B)</b>	<b>286.388.817,14</b>	<b>284.794.600,15</b>
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>242.363.935,84</b>	<b>239.797.195,85</b>
I. Patrimonio	268.318.132,87	271.107.577,71
II. Patrimonio xerado	-25.954.197,03	-31.310.381,86
<b>B) PASIVO NO CORRENTE</b>	<b>24.638.167,35</b>	<b>27.183.667,83</b>
I. Provisións a longo prazo	5.085.545,35	5.085.545,35
II. Deudas a longo prazo	19.552.622,00	22.098.122,48

<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	<b>19.386.713,95</b>	<b>17.813.736,47</b>
II. Deudas a curto prazo	3.039.244,34	2.542.000,00
IV. Acredores por operacións de xestión	7.824.588,94	3.504.309,52
V. Axustes por periodificación	8.522.880,67	11.767.426,95
<b>TOTAL PASIVO (A+B+C)</b>	<b>286.388.817,14</b>	<b>284.794.600,15</b>

### III. SITUACIÓN DA TESOURERÍA

O Estado de Fluxos de Tesourería informa sobre a orixe e destino dos movementos habidos nas partidas monetarias e indica a variación neta das mesmas. Os movementos de efectivo reflíctense agrupados por actividades.

Neste ano podense comparar as as cifras coas do exercicio anterior, unha vez transcorridos dous anos dende a implantación do novo Plan Xeral de Contabilidade Pública na Universidade de Vigo. No cadro 21 recóllense os principais items do estado de fluxos de tesourería e o resultado final a 31 de decembro de 2012.

Cadro 21. Estado de Fluxos de Efectivo no exercicio 2012 (€)

DESCRICIÓN	Exercicio 2012	Exercicio 2011
<b>I. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN (A-B)</b>	<b>24.962.517,20</b>	<b>16.537.081,15</b>
A) Cobros	143.446.948,61	145.082.872,75
B) Pagos	118.484.431,41	128.545.791,60
<b>II. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVERSIÓN (C-D)</b>	<b>-26.770.606,12</b>	<b>-27.303.611,90</b>
C) Cobros	94.234,39	87.174,84
D) Pagos	26.864.840,51	27.390.786,74
<b>III. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN (G-H)</b>	<b>-2.565.740,48</b>	<b>4.272.671,16</b>
G) Cobros por emisión de pasivos financeiros	80.223,00	6.922.058,35
H) Pagos por reembolso de pasivos financeiros	2.645.963,48	2.649.387,19
<b>IV. FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACIÓN</b>	<b>319.321,33</b>	<b>-843.336,53</b>
<b>VI. INCREMENTO/DIMINUCCIÓN NETA DO EFECTIVO</b>	<b>-4.054.508,07</b>	<b>-7.337.196,12</b>
<b>Efectivo e activos líquidos equivalentes ao inicio do exercicio</b>	<b>27.660.460,00</b>	<b>34.997.656,12</b>
<b>Efectivo e activos líquidos equivalentes ao final do exercicio</b>	<b>23.605.951,93</b>	<b>27.660.460,00</b>

O saldo da tesourería, que tal e como se recolle no cadro anterior, acada o valor de 23.605.952€ a 31 de decembro de 2012.



## IV. INDICADORES

---

Como complemento ao resto da información contida na Memoria, nesta sección se recolle unha mostra dos indicadores que reflicten dun xeito sintético a situación orzamentaria, financeira e patrimonial da Universidade e Vigo no exercicio 2012.

### IV.1. INDICADORES FINANCEIROS E PATRIMONIAIS

#### INDICADOR DE LIQUIDEZ INMEDIATA.

Este indicador reflicte a porcentaxe de débedas orzamentarias e non orzamentarias que poden atenderse coa liquidez inmediata dispoñible, e é produto de dividir os Fondos líquidos entre o Pasivo corrente (23.605.951,93€ / 19.386.713,95€), sendo o resultado 1,22. Un cociente superior a 1 indica unha boa situación de tesourería. O resultado amosa a capacidade para facer fronte aos pagos a curto prazo coas partidas que compoñen o dispoñible do activo corrente.

#### INDICADOR DE LIQUIDEZ A CURTO PRAZO.

Este indicador reflicte a capacidade que ten a entidade para atender a curto prazo as súas obrigas pendentes de pagamento, e é resultado de dividir os Fondos líquidos máis os Dereitos pendentes de cobro entre o Pasivo corrente (66.945.179,68€ / 19.386.713,95€), sendo o resultado 3,45. Ao igual que no caso anterior un cociente superior a 1 indica unha boa situación de tesourería, nesta caso moi positiva, como resultado da capacidade para facer fronte aos pagos a curto coas partidas que compoñen o dispoñible e o realizable do activo.

#### INDICADOR DE LIQUIDEZ XERAL.

Este indicador reflicte en que medida todos os elementos patrimoniais que compoñen o activo corrente cobren o pasivo corrente, e é produto de dividir o Activo corrente entre o Pasivo corrente (67.645.644,67€ / 19.386.713,95€), sendo o resultado 3,49. Na mesma liña do comentado en relación á liquidez nos epígrafes anteriores este indicador tamén amosa un bo resultado ao ser superior a 1, coma consecuencia dun activo corrente no que os conxuntos de dispoñible e realizable son case que o 100% do conxunto. A lectura da ratio, en sentido inverso, é que o patrimonio neto e o pasivo a longo prazo financian aproximadamente o 70% do activo corrente, o que evidencia doutro xeito a distancia con calquera tensión de liquidez.

#### INDICADOR DE ENDEBEDAMENTO.

Este indicador representa a relación entre a totalidade do pasivo esixible (corrente e non corrente) respecto do patrimonio neto máis o pasivo total da entidade, e é resultado de dividir a suma do

Pasivo corrente máis o Pasivo non corrente entre o pasivo corrente máis o pasivo non corrente e o patrimonio neto (44.024.881,30€ / 305.066.788,74€), sendo o resultado 0,14. No relativo a este índice todo o valor por debaixo da unidade representa unha boa relación de endebedamento, canto menor sexa o valor do cociente mellor será a situación. O resultado de 0,14 evidencia unha elevada solvencia e estabilidade financeira na institución ou, visto doutro xeito, un baixo grao de apalancamento financeiro, nunha conxuntura económica na que o prezo dos recursos e as restricións de liquidez son un problema para as entidades cunha elevada dependencia do pasivo esixible.

#### INDICADOR DE RELACIÓN DE ENDEBEDAMENTO.

Este indicador representa a relación entre o pasivo corrente e o non corrente, e é produto de dividir o Pasivo corrente entre o Pasivo non corrente (19.386.713,95€ / 24.638.167,35€), sendo o resultado 0,79. Ao igual que no caso anterior todo valor do cociente por debaixo da unidade representa unha boa relación de endebedamento e implica, xunto ás ratios de liquidez, a estabilidade financeira a curto prazo da universidade.

#### INDICADOR DE CASH-FLOW.

Este indicador reflicte en que medida os fluxos netos de xestión de caixa cobren o pasivo da entidade, e é resultado de dividir o Pasivo non corrente sumado ao Pasivo corrente entre os Fluxos netos de xestión (44.024.881,30€ / 24.962.517,20€), sendo o resultado 1,76. Este dato, que indica capacidade adicional para xerar liquidez e atender aos pasivos, mellora o resultado do exercicio precedente, a universidade sigue a atender as súas obrigas e os prazos de pago son os axeitados.

#### INDICADOR DE COBERTURA DE GASTOS CORRENTES.

Este indicador pon de manifesto a relación existente entre os gastos de xestión ordinaria cos ingresos da mesma natureza, e resulta de dividir os Gastos de xestión ordinaria entre os Ingresos de xestión ordinaria (137.321.998,21€ / 153.825.598,58€), sendo o resultado 0,89. Este indicador mellora con respecto ao exercicio precedente, baixando o cociente da unidade, o que implica unha garantía na cobertura dos gastos correntes.

### **IV.2. INDICADORES ORZAMENTARIOS**

#### INDICADOR DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS.

Este indicador reflicte a proporción dos créditos aprobados no exercicio que deron lugar ao recoñecemento de obrigas, e é produto de dividir as Obrigas recoñecidas netas entre os Créditos totais (148.728.460,99€ / 178.796.206,77€), sendo o resultado 0,83. Este resultado é congruente cos datos amosados no cadro 9 desta memoria, e reflicte una porcentaxe de execución do orzamento de gastos normal consonte á planificación realizada.

#### INDICADOR DE REALIZACIÓN DE PAGAMENTOS.

Este indicador reflicte a proporción das obrigas recoñecidas no exercicio da que o pagamento se realizou no mesmo, con respecto ao total de obrigas recoñecidas, e sae de dividir os Pagamentos realizados entre as Obrigas recoñecidas (146.795.633,38 € / 148.728.460,99€), sendo o resultado 0,99. Este resultado e congruente co expresado no apartado I.2. desta memoria e demostra a capacidade da universidade para facer fronte as súas obrigas nuns prazos moi razoables, e en calquera caso respectando o indicado na normativa europea e española en relación aos prazos de pago.

#### INDICADOR DE ESFORZO EN INVESTIMENTO.

Este indicador establece a proporción que representan as operacións de capital realizadas no exercicio en relación á totalidade dos gastos orzamentarios realizados no mesmo, e é produto de dividir as Obrigas recoñecidas netas dos Capítulos 6 e 7 do orzamento de gastos entre o total de obrigas recoñecidas netas (27.304.595,55€ / 148.728.460,99€), sendo o resultado 0,18. Este resultado é consistente co expresado en diferentes apartados desta memoria, en especial no I.2.4., e amosa a tendencia da universidade a diminuír o seu esforzo en investimento, produto de varias causas: a planificación establecida no documento orzamentario cara ao reequilibrio das contas da universidade e o ritmo seguido nos gastos asociados a proxectos de investigación institucionais ou dos grupos da universidade, sen prexuízo dunha diminución das achegas do Estado e da Xunta no eido da I+D.

#### INDICADOR DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS.

Este indicador reflicte a proporción que sobre os ingresos orzamentarios previstos supoñen os ingresos presupostarios netos, isto é, os dereitos liquidados netos, e sae de dividir os Dereitos recoñecidos netos entre as Previsións definitivas (148.361.486,78€ / 178.796.206,77€), sendo o resultado 0,83. Este resultado é consistente co expresado nos apartados I.2.1.e I.2.3., e amosa a seriedade e prudencia da universidade na estimación de ingresos do exercicio.

#### INDICADOR DE REALIZACIÓN DE COBROS.

Este indicador recolle a porcentaxe que supoñen os cobros obtidos no exercicio sobre os dereitos recoñecidos netos, e sae de dividir a Recadación neta entre os Dereitos recoñecidos netos (120.624.096,81€ / 148.361.486,78€), sendo o resultado 0,81. Este resultado, tamen congruente co comentado noutros apartados desta memoria, especificamente no I.2., amosa o grao de realización efectivo dos dereitos recoñecidos a 31 de decembro de 2012.

O feito de que a ratio non sexa superior é consecuencia da demora nos pagos pola Xunta de Galicia, especificamente dos asociados aos programas de RR.HH. e aos proxectos de investigación, nos que a Xunta de Galicia libra en firme en función das xustificacións que se realizan a fin de exercicio, e aos que se suma a demora no abono de determinadas partidas do plano de financiamento do SUG.

## V. DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

O Servizo de xestión económica e contratación é o que fundamentalmente leva a cabo a xestión dos expedientes xerados pola contratación administrativa, agás os procedementos negociados de subministracións e servizos por razón de contía, que se atopan desconcentrados nos/as Administradores/as de ámbitos/centros respecto das partidas descentralizadas.

Nesta memoria non se inclúe información relativa aos denominados contratos menores regulados nos artigos 95 e 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público.

Os aspectos máis relevantes da contratación pública correspondente aos distintos tipos de contratos administrativos (obras, subministracións, asistencia / consultoría / servizos, xestión de servizos públicos e contratos de carácter privado) do exercicio 2012 aparece reflectida nos cadros que se indican de seguido:

**Cadro 22. Comparativo do volume de contratación Exercicios 2012/2011.**

	<b>Exercicio 2012</b>	<b>Exercicio 2011</b>	<b>Diferenzas (valor absoluto)</b>	<b>Diferenzas (porcentuais)</b>
<b>Importes de licitación</b>	18.269.414	11.946.695	6.322.719	52,92%
<b>Número de expedientes</b>	49	43	6	13,95%

No exercicio, no cómputo total, prodúcese un incremento tanto no número de expedientes licitados, como no importe licitado por procedemento aberto ou negociado, baixo xestión centralizada. Isto ven motivado polo carácter cíclico dalgúns contratos de servizos e polo aumento na captación de financiamento alleo.

A continuación, no cadro 23, amósase un resumo das adxudicacións, distinguindo por tipos de contrato e a súa vez polos procedementos e formas de adxudicación. En comparación co exercicio precedente, prodúcese un incremento salientable dos expedientes por procedementos abertos, que por primeira vez superan en número aos procedementos negociados.

**Cadro 23. Resumo por tipo e procedemento de adxudicación no Exercicio 2012.**

<b>Tipo de Contrato</b>	<b>Obras</b>	<b>Servicios</b>	<b>Subministracións</b>	<b>Total</b>
<b>Procedemento Aberto</b>	2	7	23	32
<b>Procedemento Negociado</b>	2	3	12	17
<b>Total</b>	4	10	35	49

A información anterior complementábase cos datos económicos contidos no cadro 24.

**Cadro 24. Resumo por tipo, importes e ratios principais no Exercicio 2012**

<b>Tipo de Contrato</b>	<b>Obras</b>	<b>Servicios</b>	<b>Subministracións</b>	<b>Total</b>
<b>Importe de Licitación</b>	7.597.512	1.120.222	9.551.680	<b>18.269.414</b>
<b>Importe de Adxudicación</b>	5.716.035	906.917	8.311.775	<b>14.934.727</b>
<b>Diferenzas (valor absoluto)</b>	-1.881.477	-213.305	-1.239.905	<b>-3.334.687</b>
<b>Diferenzas (porcentuais)</b>	-24,76%	-19,04%	-12,98%	<b>-18,25%</b>

No cadro anterior obsérvase que as baixas producidas acadaron un importe de 3.334.687€, un 18,25% porcentual verbo dos importes de licitación, consonte os resultados acadados en exercicios anteriores.

## ANEXO I. RESUMO DAS CONTAS ANUAIS DE ENTIDADES PARTICIPADAS

Conforme se establece no artigo 84 da Lei Orgánica de Universidades “as entidades nas que as Universidades teñan participación maioritaria no seu capital ou fondo patrimonial equivalente quedan sometidas á obriga de render contas nos mesmos prazos e procedemento que as propias universidades”, neste anexo recóllese un resumo das contas anuais das entidades participadas pola Universidade de Vigo.

### I.1. Cidade Universitaria, S.A. (CUSA).

Mantense a actividade económica da sociedade, sendo o trazo máis distintivo da conta de resultados a consolidación da mellora dos datos operativos, como xa se vira no exercicio precedente, como consecuencia da posta en marcha do novo plan de negocio a finais do exercicio 2010 que permitiu unha mellora evidente dos resultados da sociedade. Os cales mantense pese á situación económica que se esta a vivir no conxunto da sociedade.

Cadro 1. CUSA, Conta de resultados, 2012-2011

DESCRIPCIÓN	Exercicio 2012	Exercicio 2011
<b>A) OPERACIÓNS CONTINUADAS</b>		
1. Importe neto da cifra de negocios	601.362,12	615.295,73
5. Outros ingresos de explotación	22.924,38	78.095,73
6. Gastos de persoal	-67.439,33	-62.854,14
7. Outros gastos de explotación	-385.747,28	-442.473,89
8. Amortización do inmovilizado	-162.166,91	-168.138,41
9. Imputacións de subvencións de Inmovilizado non financeiro e outras	1.824,32	841,44
11. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado	0,00	-2.361,65
13. Outros resultados	731,33	605,77
<b>A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN</b>	<b>11.488,63</b>	<b>19.010,58</b>
14. Ingresos financeiros	85,26	1.033,99
15. Gastos financeiros	-52.083,33	-60.633,81
18. Deterioro e resultado por enaxenacións de instrumentos financeiros	-23.656,81	-22.114,83
<b>B) RESULTADO FINANCEIRO</b>	<b>-75.654,88</b>	<b>-81.714,65</b>
<b>C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS</b>	<b>-64.166,25</b>	<b>-62.704,07</b>
<b>D) RESULTADO DO EXERCICIO</b>	<b>-64.166,25</b>	<b>-62.704,07</b>

O balance da sociedade reflicte o comentado con anterioridade, amosando unha solidez que permite o desenvolvemento normal da actividade.

**Cadro 2. CUSA, Balance 2012-2011.**

DESCRICIÓN	Exercicio 2012	Exercicio 2011
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>9.284.229,44</b>	<b>9.412.244,82</b>
I. Inmobilizado intanxible	153.328,20	153.328,20
II. Inmobilizado material	157.888,29	151.781,71
III. Inversións inmobiliarias	8.956.830,37	9.072.020,83
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a longo prazo	2.660,02	26.316,83
V. Inversións financeiras a longo prazo	6.430,90	1.705,59
VI. Activos por impostos diferidos	7.091,66	7.091,66
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>208.031,79</b>	<b>296.640,57</b>
III. Deudores e outras contas a cobrar	126.622,68	254.084,66
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo	152,81	0,00
V. Inversións financeiras a curto prazo	2.400,55	2.290,88
VI. Periodificacións a curto prazo	23.434,82	24.570,72
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	55.420,93	15.694,31
<b>TOTAL ACTIVO (A+B)</b>	<b>9.492.261,23</b>	<b>9.708.885,39</b>
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>7.060.506,08</b>	<b>7.126.040,57</b>
<b>A.1.) Fondos propios</b>	<b>7.045.402,41</b>	<b>7.109.568,66</b>
I. Capital	10.178.880,00	10.178.880,00
III. Reservas	-26.974,29	-26.974,29
V. Resultados de exercicios anteriores	-3.042.337,05	-2.979.632,98
VII. Resultado do exercicio	-64.166,25	-62.704,07
<b>A.3.) Subvencións, donacións e legados recibidos</b>	<b>15.103,67</b>	<b>16.471,91</b>
<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>	<b>2.282.553,01</b>	<b>2.367.036,13</b>
I. Provisións a longo prazo	157.879,24	157.879,24
II. Deudas a longo prazo	1.135.741,64	1.189.953,60
IV. Pasivos por impostos diferidos	5.034,55	5.490,63
V. Periodificacións a longo prazo	983.897,58	1.013.712,66
<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	<b>149.202,14</b>	<b>215.808,69</b>
II. Deudas a curto prazo	74.991,23	97.771,26
IV. Acredores por operacións de xestión	64.250,96	101.510,90
V. Axustes por periodificación	9.959,95	16.526,53
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)</b>	<b>9.492.261,23</b>	<b>9.708.885,39</b>

## I.2. Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A. (CITEXVI).

A conta de resultados da sociedade amosa un claro incremento da actividade da sociedade, do cal e un bo exemplo o incremento no importe neto da cifra de negocios, produto da continuación do proceso de posta en marcha que se está a levar consonte a planificación establecida.

Cadro 3. CITEXVI, Conta de resultados, 2012-2011

DESCRICIÓN	Exercicio 2012	Exercicio 2011
<b>A) OPERACIÓNS CONTINUADAS</b>		
1. Importe neto da cifra de negocios	476.687,94	272.531,76
5. Outros ingresos de explotación	2.360,63	3.945,00
6. Gastos de persoal	-128.991,60	-127.281,36
7. Outros gastos de explotación	-414.960,40	-421.993,09
8. Amortización do inmovilizado	-276.861,00	-205.536,34
9. Imputacións de subvencións de Inmovilizado non financeiro e outras	99.787,14	75.182,09
12. Outros resultados	-8.999,97	773,91
<b>A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN</b>	<b>-250.977,26</b>	<b>-402.378,03</b>
13. Ingresos financeiros	139.781,92	134.380,66
14. Gastos financeiros	-9.972,52	0,00
<b>B) RESULTADO FINANCEIRO</b>	<b>129.809,40</b>	<b>134.380,66</b>
<b>C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS</b>	<b>-121.167,86</b>	<b>-267.997,37</b>
<b>D) RESULTADO DO EXERCICIO</b>	<b>-121.167,86</b>	<b>-267.997,37</b>

O balance da sociedade reflicte o comentado con anterioridade, amosando un elevado grao de solidez da sociedade.

Cadro 4. CITEXVI, Balance 2012-2011.

DESCRICIÓN	Exercicio 2012	Exercicio 2011
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>11.255.785,98</b>	<b>11.343.137,22</b>
I. Inmovilizado intanxible	25.625,49	29.461,13
II. Inmovilizado material	318.825,08	299.020,94
III. Inversións inmobiliarias	10.911.335,41	11.014.655,15
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>3.982.250,28</b>	<b>4.564.265,73</b>
III. Deudores e outras contas a cobrar	103.036,56	200.709,06
V. Inversións financeiras a curto prazo	3.500.500,00	4.000.000,00
VI. Periodificacións a curto prazo	13.709,54	8.157,33
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	365.004,18	355.399,34
<b>TOTAL ACTIVO (A+B)</b>	<b>15.238.036,26</b>	<b>15.907.402,95</b>
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>10.125.309,39</b>	<b>10.321.317,60</b>



<b>A.1.) Fondos propios</b>	<b>6.514.518,64</b>	<b>6.635.686,50</b>
I. Capital	7.460.105,00	7.460.105,00
V. Resultados de exercicios anteriores	-824.418,50	-556.421,13
VII. Resultado do exercicio	-121.167,86	-267.997,37
<b>A.3.) Subvencións, donacións e legados recibidos</b>	<b>3.610.790,75</b>	<b>3.685.631,10</b>
<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>	<b>4.676.928,91</b>	<b>5.112.495,69</b>
I. Provisións a longo prazo	134.133,20	134.133,20
II. Deudas a longo prazo	3.339.198,79	3.749.818,78
IV. Pasivos por impostos diferidos	1.203.596,92	1.228.543,71
<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	<b>435.797,96</b>	<b>473.589,66</b>
II. Deudas a curto prazo	381.403,86	411.078,41
IV. Acredores por operacións de xestión	54.394,10	62.511,25
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)</b>	<b>15.238.036,26</b>	<b>15.907.402,95</b>

### I.3. Fundación Universidade de Vigo (FUVI).

Da conta de resultados da Fundación cabe salientar o importante crecemento da actividade económica da Fundación, produto da consolidación do modelo de xestión do Centro de Linguas e da posta en marcha de novas liñas de traballo relacionadas fundamentalmente co emprendemento, coa orientación ao emprego e coas bolsas e prácticas preprofesionais.

A conta tamén amosa uns gastos superiores aos ingresos, pese aos importantes cambios organizativos introducidos no exercicio, e que son produto fundamentalmente da non realización das subvencións previstas no orzamento inicial por mor da anulación pola Xunta de Galicia das convocatorias públicas de axudas relativas ao emprendemento e á orientación ao emprego.

**Cadro 5. FUVI, Conta de resultados, 2012-2011**

DESCRICIÓN	Exercicio 2012	Exercicio 2011
1. Ingresos da entidade por actividade propia	1.071.799,57	724.319,93
2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil	69.009,73	47.638,60
3. Axudas monetarias e outros	-2.653,35	-6.000,00
6. Aprovisionamentos	0,00	-10.584,10
8. Gastos de persoal	-1.032.004,94	-633.885,88
9. Outros gastos de explotación	-179.449,78	-203.472,82
10. Amortizacións de inmovilizado	-8.932,24	-8.563,10
13. Deterioro e resultado por por enaxenacións do inmovilizado	-572,39	0,00
14. Outros resultados	22,80	-612,27
<b>A) Resultado de Explotación</b>	<b>-82.780,60</b>	<b>-91.159,64</b>
14. Ingresos financeiros	43,77	92,57
17. Diferencias de cambios	47,17	0,00
<b>B) Resultado Financeiro</b>	<b>90,94</b>	<b>92,57</b>
<b>C) Resultado antes de impostos</b>	<b>-82.689,66</b>	<b>-91.067,07</b>
<b>19. Imposto sobre beneficios</b>	<b>-589,27</b>	<b>596,00</b>
<b>D) Excedente do Exercicio</b>	<b>-83.278,93</b>	<b>-90.471,07</b>

Do balance da Fundación destaca a escasa significación patrimonial e o bo comportamento financeiro cunha alta liquidez e un escaso endebedamento.

**Cadro 6. FUVI, Balance 2012-2011.**

DESCRICIÓN	Exercicio 2012	Exercicio 2011
<b>A) ACTIVO NON CORRIENTE</b>	<b>26.721,69</b>	<b>29.840,83</b>
III. Inmovilizado material	26.706,96	29.236,83

VII. Activos por impostos diferidos	14,73	604,00
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>279.915,55</b>	<b>708.111,62</b>
II. Usuarios e outros deudores da actividade propia	12.807,00	123.129,00
III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar	4.911,59	346.282,51
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	262.196,96	238.700,11
<b>TOTAL ACTIVO (A+B)</b>	<b>306.637,24</b>	<b>737.952,45</b>
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>252.520,29</b>	<b>685.768,11</b>
<b>A.1.) Fondos propios</b>	<b>148.763,47</b>	<b>232.042,40</b>
I. Dotación Fundacional	66.010,12	66.010,12
II. Reservas	256.503,35	256.503,35
III. Excedente de exercicios anteriores	-90.471,07	0,00
III. Excedente do exercicio	-83.278,93	-90.471,07
<b>A.2.) Subvencións, donacións e legados recibidos</b>	<b>103.756,82</b>	<b>453.725,71</b>
<b>B) PASIVO CORRENTE</b>	<b>54.116,95</b>	<b>52.184,34</b>
II. Deudas a curto prazo	3.351,47	-3.109,58
V. Acredores comerciais e outras contas a pagar	50.765,48	55.293,92
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)</b>	<b>306.637,24</b>	<b>737.952,45</b>